

Proposta de Traballo Fin de Máster

Profesor/a titor/a (Dirección do traballo)

María José Enríquez García
Eduardo Corbelle Rico

Título

Copropiedade, absentismo e integración en fórmulas asociativas: imperfeccións dos dereitos de propiedade e... motores do mercado de terras rústicas mediante compravenda en Galicia?

Obxectivos

Pregunta de investigación: ¿qué papel xogan os réximes de copropiedade, absentismo e a integración en fórmulas xurídicas nas dinámicas dos mercados de terras rústicas mediante compravenda en Galicia?

Obxectivo: Estimar a proporción de parcelas e superficie en réxime de copropiedade, absentista ou integrada en formas xurídicas no mercado de terras rústicas mediante compravenda de Galicia e comparalos co de outras rexións de alta fragmentación da propiedade. Reflexión crítica sobre o feito de que en Galicia sexan maioritariamente propiedade privada.

Metodoloxía

- Análise e comprensión da estrutura e deseño da base de datos.
- Deseño e cálculo de indicadores de mercado de terras rústicas mediante compravenda (taxa de transferencia e prezo) segundo réxime de copropiedade, absentismo e integración en fórmulas xurídicas.
- Deseño e obtención de saídas gráficas (mapas, diagramas...).
- Comparación dos resultados coas dinámicas observadas por outros autores noutras rexións europeas.
- Discusión e reflexión sobre o efecto diferencial das particularidades da propiedade da terra en Galicia respecto dos resultados da análise comparativa.

Medios necesarios

- **FACILITADO POLOS TITORES**
 1. Listado inicial de lecturas.
 2. Base de datos 2008-2013.
- **SOFTWARE**
 1. SIG (ArcGIS, gvSIG, QGIS,...).
 2. R e RStudio.
 3. Xestor de bibliografía

Breve bibliografía orientativa

Ciaian, P.; Kancs, d.; Swinnen, J.; Van Herck, K.; Vranken, L. 2012. *Key Issues and Developments in Farmland Sales Markets in the EU Member States and Candidate Countries*. Centre for European Policy Studies. p. 34.

Corbelle Rico, E.; Enríquez García, M.J.; Ónega López, E.J.; Crecente Maseda, R. (2015). 'Un enorme bazar. Mobilidade, prezos, e información sobre o mercado de terras en Galicia'. Universidade de Santiago de Compostela. En impresión.

National Statistical Institute. (2013). *Land market and rents in agriculture in the Republic of Bulgaria during the period 2010-2012*. Sofia: National Statistical Institute. p. 294.

Petrzelka, P.; Ma, Z.; Malin, S. (2013). The elephant in the room: absentee landowner issues in conservation and land management. *Land Use Policy*. 30:157–166.

Planchuelo Arias, E. (1971). La propiedad rústica de los ausentes y el problema de las tierras incultas en el minifundio lucense. *Revista de Estudios Agrosociales*. 74: 77–99.

Swinnen, J.; Ciaian, P.; Kancs, d. (2008). *Study on the Functioning of Land Markets in the EU Member States under the Influence of Measures applied under the Common Agricultural Policy*. Brussels: Centre for European Policy Studies. p. 318.

Swinnen, J.; Vranken, L. (2009). *Land and EU accession: Review of the transitional restrictions by new member states on the acquisition of agricultura real estate*. Brussels: Centre for European Policy Studies. p. 104.

Vranken, L. et al. (2011). Property rights imperfections and asset allocation: Co-ownership in Bulgaria. *Journal of Comparative Economics*. 39: 159–175.